

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018501	IES Monte Carrasco	Cangas	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Música	3º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	20
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	25

1. Introducción

A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento con gran valor na vida das persoas; ademais, favorece o seu desenvolvemento integral, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

Na actualidade, a música constitúe un dos principais referentes de identificación da mocidade. Co desenvolvemento tecnolóxico multiplicáronse as canles de acceso ás cada vez máis numerosas fontes de cultura musical, así como aos seus diversos xeitos de creación e interpretación, a través de vehículos que forman parte da súa vida cotiá, como internet, os dispositivos móbiles, os reprodutores de son e os videoxogos. Ademais, fomenta o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica.

A materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, ademais de procurar un ensino integral e axudar na maduración do alumnado novo.

Transcendendo os valores estéticos, propios da competencia de conciencia e expresións culturais, o alumnado aprenderá actitudes de cooperación e traballo en equipo ao formar parte de diversas agrupacións nas que cadaquén asumirá diferentes papeis para poder interpretar música en conxunto. Por outra parte, é interesante fomentar actitudes emprendedoras que acheguen o alumnado ás diferentes profesións no ámbito musical e non musical.

Esta materia fomenta as actividades colaborativas ao integrar os/as estudantes nun grupo, fomentando o intercambio de ideas, o respecto entre iguais, a integración, a creatividade, o coñecemento doutros contextos e o desenvolvemento da intelixencia emocional.

O estudo desta materia parte dos coñecementos previos adquiridos polo alumnado na educación primaria e do seu desenvolvemento evolutivo, afondando con elementos que, dado o seu nivel de abstracción, deben abordarse neste momento de desenvolvemento do alumnado.

Entre outros, é obxectivo desta materia dotar os alumnos e as alumnas dun vocabulario que permita a descrición de fenómenos musicais, unha comprensión da linguaxe musical como medio de expresión artística, unha sensibilidade cara á expresión musical e o entendemento da música como un fenómeno imbricado na historia e na sociedade. Considérase fundamental que a aprendizaxe do feito musical se realice de xeito vivencial, a través da práctica musical, do movemento, da improvisación e a interpretación. Tamén se lle outorga un papel importante á análise das obras musicais, entendendo que se pode levar a cabo en distintos niveis de profundidade.

Os elementos do currículo básico organízanse en tres bloques, moi relacionados entre si, que comparten múltiples elementos: "Interpretación, improvisación e creación escénica" integra a expresión instrumental, vocal e corporal coa improvisación e a composición musical, o que permitirá ao alumnado participar da música dunha forma activa; "Escoita e percepción" pretende crear a primeira actitude fundamental cara a esta arte e dotar o alumnado das ferramentas básicas para gozar dela a través da audición e a comprensión do feito musical; "Contextos e culturas" relaciona a música coa cultura e a historia, dá a coñecer o valor do patrimonio musical español e galego, e ensina a identificar o estilo e as características distintivas da música que delimitan cada período histórico básico.

Así mesmo, vese necesario resaltar a importancia do uso dunha metodoloxía adecuada a este enfoque curricular, que posibilite que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe, traballando de xeito colaborativo, onde se respecten os seus centros de interese e certo grao de autonomía e onde a práctica e a vivencia do feito musical sexa real e relevante para o alumnado, para a comunidade educativa e para o contorno social.

O IES MONTE CARRASCO é un centro público situado no concello de Cangas que oferta exclusivamente a etapa educativa de secundaria (ESO), en dúas liñas. O alumnado procede maioritariamente do centro adscrito o CEIP San Roque de Darbo, tamén con dous grupos por nivel, dende infantil ata primaria. Neste curso académico, co obxectivo

de atender á diversidade, desdobrase a etapa de 2º de ESO en tres grupos.

Nos últimos anos mantívose un número elevado de matrícula debido tanto á achega de alumnado do centro adscrito como á incorporación de alumnos e alumnas de outros centros de primaria do concello. Isto demostra que as familias confían no ben facer do noso centro ao escollelo para os seus fillos e fillas pero supón un desafío ao ter que atender as demandas de grupos máis numerosos cos mesmos recursos que antes, especialmente no referido a persoal docente. A principal consecuencia da escaseza de profesorado é o elevado número da ratio do alumnado que dificulta o tratamento da diversidade e a atención a quen máis a precisa debido a necesidades educativas especiais.

Tamén contamos cun bo número de estudantes de conservatorios e escolas de música que cursan a ESO. Hai rapaces e rapazas na banda de música, agrupacións folclóricas, grupos de danza, de ballet, bandas de rock e pop, creadores independentes, etc. Nunha localidade con grande tradición en manifestacións musicais de todo tipo, a educación nos centros de secundaria de Cangas debe atender á diversidade entre o alumnado que estuda música fóra do centro e o que non, potenciando a inserción e a coeducación.

Respecto a materia de música, este departamento continúa impartindo docencia en 2º e 3º de ESO (materia obrigatoria de Música) e 4º de ESO (Música como materia optativa).

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.	1			2	1-3	1	3	3
OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.	1			2	1-3	1	1	3
OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	1		3	2	3	1	1-3	3-4
OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.	1-2	2-3		1	1-3	1	3	1-2-3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	UNHA MÁQUINA DO TEMPO	Nesta unidade didáctica preténdese facer unha viaxe á Idade Media e o Renacemento a través da música antiga. O alumnado parte duns coñecementos previos adquiridos na materia de Xeografía e Historia que servirán de base para abordar un enfoque artístico. Logo dunha presentación por parte do profesor e algunhas actividades de coñecementos previos e de asimilación de conceptos, cada alumno e alumna deberá preparar a presentación dunha audición analizando os catro elementos da música, conforme a unhas pautas determinadas, da que fará exposición ao longo de todo o trimestre. Para isto deberase pactar un calendario no que cada alumno e alumna teña asignada unha sesión que comezará coa súa presentación de aproximadamente 10-15 minutos. O alumnado restante tomará notas das exposicións dos seus e as súas compañeiras.	10	4	X		
2	MÚSICA QUE CHE TOCA	Esta unidade forma parte do proxecto de radio escolar Radio Labirinto. O obxectivo consiste en realizar unha produción radiofónica, ben sexa en formato podcast ou similar, arredor do concepto da comunicación de ideas, sentimentos ou emocións a través da música. Comezarase con actividades prácticas de improvisación e creación musical para, de seguido, organizar grupos cooperativos e traballar no guión radiofónico que, finalmente será gravado na aula. O abano de posibilidades será amplo atendendo aos intereses do alumnado pero deberá conter comentarios de audicións, vídeos ou eventos musicais e poderá incluír tamén producións sonoras propias.	10	10	X		
3	OS INGREDIENTES DA MÚSICA	No segundo curso da ESO, foron traballados os elementos da música, como un primeiro paso na educación auditiva e na adquisición da linguaxe musical. Neste 3º curso, a intención é profundar nestes conceptos introducindo a linguaxe escrita e a notación musical con e sen apoio da audición. Para isto, faranse actividades de lectura de partituras e discriminación dos elementos	10	7	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	OS INGREDIENTES DA MÚSICA	da música presentes en formato escrito.	10	7	X		
4	A DANZA SOCIAL	Esta é unha unidade que se desenvolverá de xeito práctico en gran grupo e consiste na montaxe de unha ou varias danzas, tanto históricas como tradicionais. Comezarase por traballar as técnicas específicas para rematar cunha interpretación completa. A importancia do bo funcionamento do grupo e da implicación e iniciativa de todo o alumnado é clave para a consecución desta unidade. Deste xeito, trátase dun traballo importante para a cohesión social do grupo así como para o fomento das habilidades sociais e de traballo cooperativo.	10	7	X		
5	XENIOS MUSICAIS	Nesta unidade achegarémonos ao período do Barroco, o Clasicismo e o Romanticismo, períodos que se están a estudar en outras materias como Xeografía e Historia ou Lingua e Literatura. Acompañaremos a presentación dos contidos máis teóricos con audicións da época, sempre comparando e conectando con músicas máis recentes e utilizando soportes como musicogramas e partituras. O mesmo que no primeiro trimestre, logo da presentación por parte do profesor e algunhas actividades de coñecementos previos e de asimilación de conceptos, cada alumno e alumna deberá preparar a presentación dunha audición, conforme a unhas pautas determinadas, da que fará exposición ao longo de todo o segundo trimestre.	10	4		X	
6	CONSTRUÍDO CON PEZAS USADAS	O proxecto de Radio Labirinto no segundo trimestre xira arredor da observación e reflexión acerca das conexións existentes entre a música actual e as músicas do pasado. Na clase escoitaranse exemplos e faranse suxestións para as escollas da música, xa que os temas a comentar serán decididos polo alumnado organizado en grupos cooperativos. Nos programas que se elaboren nesta unidade deberase buscar e comentar a relación entre as músicas de períodos anteriores coa música dos nosos días facendo fincapé nos elementos da música, as temáticas, aspectos estéticos e outros trazos estilísticos.	10	10		X	
7	UNHA COVER ESTILO 3º DE ESO	Atendendo as propostas e achegas do alumnado, o profesor realizará un arranxo dun tema musical para ser interpretado por todo o grupo. Previamente deberase traballar a familiarización co instrumento asignado a través de exercicios de	10	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	UNHA COVER ESTILO 3º DE ESO	improvisación ou técnica. A continuación, procederase cunha serie de ensaios nos que se procurará o resultado máis correcto para a posterior presentación da interpretación nun concerto aberto ou nun vídeo musical.	10	10		X	
8	MÚSICA COMO CULTURA	As diversas manifestacións musicais da actualidade poden ser entendidas como reflexo dunha realidade cultural complexa. Así mesmo, as culturas enriquecécese coa música que as define. Esta unidade supón un achegamento á etnomusicoloxía e ten como obxectivo ampliar os horizontes do gusto musical dos e das adolescentes así como fomentar a tolerancia e respecto á diversidade cultural e estética. Esta unidade estará conectada co proxecto de Polos Creativos "Das raíces ás estrelas" contribuíndo coa creación de produtos radiofónicos que teñan como tema a relación da música coas tarefas propias da sociedade rural tradicional (agricultura, artesanía...)	10	4			X
9	MÚSICA COMO IDENTIDADE	Esta unidade ten por obxecto identificar os elementos que definen a ideosincrasia musical de Galicia xunto ás características sociais e culturais que fan que a música sexa un factor identitario de primeira orde. O procedemento estará inserido no proxecto de ¿Radio Labirinto¿ e consistirá na realización dun podcast de radio acerca da música galega desde un enfoque aberto pero que poña en valor o noso patrimonio artístico e musical con actitude de respecto.	10	10			X
10	UN ESPECTÁCULO A MODO DE DESPEDIDA	Esta unidade ten por obxecto recapitular os contidos traballados de xeito reflexivo e relacionalos coas actuacións musicais que presentarán ao final de curso a toda comunidade educativa. Trátase de avaliar a súa propia produción, ao tempo que repasar e facerse conscientes do aprendido durante a realización da tarefa. Así mesmo analizaranse as cuestións técnicas, estéticas e loxísticas necesarias para a presentación e realización do festival de fin de curso. Esta actividade pretende que o alumnado sexa proactivo e contribúa con achegas propias a sentir como propio o último dos eventos escolares do ano polo que se aceptarán propostas voluntarias de todo tipo sempre que encaixen no perfil didáctico da actividade.	10	4			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	UNHA MÁQUINA DO TEMPO	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Tomar rexistro escrito das exposicións feitas na aula mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura.	PE	30
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identificar os trazos máis elementais	TI	70
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Explicar a funcionalidade da música, con actitude aberta e respectuosa, comprendendo que debe ser entendida no seu contexto histórico, social e cultural.		
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Expoñer a funcionalidade da música, con actitude aberta e respectuosa, comprendendo que debe ser entendida no seu contexto histórico, social e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza. - Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.

Contidos

- Principais composicións musicais de cada período histórico.

UD	Título da UD	Duración
2	MÚSICA QUE CHE TOCA	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Elaborar un discurso coherente comunicando as ideas, sentimentos e emocións que nos suxiran as propostas musicais estudadas	TI	100
CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	Afrontar con iniciativa as actividades pautadas de improvisación empregando as técnicas máis adecuadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.
- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.
- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.
- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.
- Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.
- Técnicas de improvisación guiada e libre.
- Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas.
- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.

UD	Título da UD	Duración
3	OS INGREDIENTES DA MÚSICA	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Ler partituras sinxelas e recoñecer, na linguaxe musical escrita, os elementos básicos, con ou sen apoio da audición.	TI	100
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Interpretar música a través da memorización da lectura de partituras do nivel adecuado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración. - A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical. - Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade. - Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores e editores de partituras.

UD	Título da UD	Duración
4	A DANZA SOCIAL	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Comprender a importancia da expresión musical como un medio de comunicación artística	TI	100
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Empregar as técnicas básicas, ben aplicando a memorización ou a lectura musical.		
CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Respectar as normas de interpretación grupal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre. - Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.

UD	Título da UD	Duración
5	XENIOS MUSICAIS	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Tomar rexistro escrito das exposicións feitas na aula mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura.	PE	30
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identificar os trazos estilísticos fundamentais	TI	70
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Explicar a funcionalidade da música, con actitude aberta e respectuosa, comprendendo que debe ser entendida no seu contexto histórico, social e cultural.		
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Expoñer a funcionalidade da música, con actitude aberta e respectuosa, comprendendo que debe ser entendida no seu contexto histórico, social e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza.

Contidos

- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.
- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.
- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.
- Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Principais composicións musicais de cada período histórico.

UD	Título da UD	Duración
6	CONSTRUÍDO CON PEZAS USADAS	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Conectar e relacionar algúns aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas.	TI	100
CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Conectar e relacionar algúns aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas.		
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Conectar e relacionar algúns aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.
- Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións.
- Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.
- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.
- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.
- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.
- Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.
- Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas.
- A propiedade intelectual e cultural: formulacións éticas e responsables. Hábitos de consumo musical responsable.

Contidos

- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.

UD	Título da UD	Duración
7	UNHA COVER ESTILO 3º DE ESO	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Comprender a importancia da expresión musical como un medio de comunicación artística	TI	100
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Empregar as técnicas básicas, ben aplicando a memorización ou a lectura musical.		
CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Respectar as normas de interpretación grupal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.
- Técnicas de improvisación guiada e libre.
- Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas.
- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.

UD	Título da UD	Duración
8	MÚSICA COMO CULTURA	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Observar os aspectos estilísticos básicos.	PE	30
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identificar os trazos máis elementais.	TI	70
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Explicar a funcionalidade da música, con actitude aberta e respectuosa, comprendendo que debe ser entendida no seu contexto histórico, social e cultural.		
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Expoñer a funcionalidade da música, con actitude aberta e respectuosa, comprendendo que debe ser entendida no seu contexto histórico, social e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza. - Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza. - Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións. - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia. - Principais composicións musicais de cada período histórico.

UD	Título da UD	Duración
9	MÚSICA COMO IDENTIDADE	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Identificar as principais características culturais e sociais así como algúns dos elementos propios da linguaxe musical das obras propostas.	TI	100
CA2.7 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais.	Participar na planificación e desenvolvemento, respectando as normas de traballo colaborativo, de propostas artístico-musicais empregando ferramentas analóxicas e dixitais.		
CA3.4 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Identificar as principais características culturais e sociais así como algúns dos elementos propios da linguaxe musical das obras propostas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración. - Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas. - Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas. - Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.

UD	Título da UD	Duración
10	UN ESPECTÁCULO A MODO DE DESPEDIDA	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Participar na exploración de técnicas básicas.	TI	100
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Empregar técnicas básicas respectando as normas de interpretación.		
CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpretar pezas sinxelas.		
CA2.8 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participar de xeito colaborativo na planificación e execución de propostas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións. - Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas. - Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Aspectos xerais

En todo momento se tentará partir do nivel competencial do alumnado.
 Terase en conta a diversidade respectando os ritmos e estilos de aprendizaxe.
 Favorecerase a autonomía e liberdade controlada do alumnado.
 Potenciarase as metodoloxías activas e participativas:

- Combinando traballo individual e cooperativo en gran e pequeno grupo.
- Favorecendo a aprendizaxe por proxectos e centros de interese.

 Darase un enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas.
 Farase un uso habitual das TIC.
 O profesor/a terá un papel facilitador no proceso de aprendizaxe.

Estratexias metodolóxicas

Concepción da diversidade musical como punto de partida, establecendo conexións entre estilos e períodos e potenciando unha actitude aberta e crítica ante calquera manifestación sonora.
 Coñecemento dos elementos da música a través da práctica e a audición activa.
 Interiorización de conceptos e estruturas de linguaxe musical a través do movemento, dando importancia ao xesto e

á expresión corporal.

Experimentación integral da práctica musical desde a danza, a percusión corporal, o canto, o instrumental Orff e os instrumentos convencionais.

Estratexias guiadas de aprendizaxe cooperativo en coordinación co traballo desenvolvido noutras materias.

Respectando os centros de interese do alumnado, tomaranse como referente metodolóxico as seguintes plataformas creativas:

Radio escolar:

Indagación e investigación sobre compositores, estilos musicais, crítica musical, contaminación acústica, etc.

Análise de partituras, vídeos musicais.

Manexo das TIC, programas de gravación e edición musicais, etc.

Agrupacións musicais:

Interpretación instrumental e vocal en grupo.

Escenificación musical e coreográfica:

Execución de danzas e coreografías

Sonorización de representacións dramáticas.

Improvisación mediante técnica de soundpainting.

Outras decisións metodolóxicas

Ratio: A eficacia da metodoloxía de aprendizaxe cooperativa e por proxectos depende en grande medida dunha ratio de aula axeitada ás necesidades e características do alumnado. Grupos clase moi numerosos dificultan enormemente esta forma de traballar. Nese caso, farase necesario adaptar a metodoloxía empregando sistemas máis individuais. Neste ano académico, contamos cunha ratio por aula elevada (excepto en 4º de ESO) que dificultará a atención individualizada.

Atención á diversidade: Son coñecidos os beneficios da aprendizaxe cooperativa para a atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe. Dinámicas específicas deberían preparar ao grupo clase para afrontar estes casos e ter recursos que favorezan a inclusión de todos os membros nun equipo de traballo. Mesmo así, ás veces, no caso de que esa inclusión non se produza, un alumno ou alumna en concreto pode ser retirado do grupo debendo continuar o traballo de xeito individual cun seguimento máis próximo do profesor. Tamén se valorará a necesidade dunha adaptación curricular se fose necesario ou de calquera medida de reforzo que fose preciso. Esta decisión adoptaríase o antes posible, logo de feita unha avaliación inicial.

Tempos: Tal e como establece a lei, o alumnado terá tres sesións semanais de 50 minutos para a materia de música en 4º de ESO e dúas en 2º e 3º ESO.

Traballo en casa: O hábito de estudo en casa é un pilar fundamental para o éxito no ensino en toda a etapa secundaria, se ben este non debe bater coas necesidades de ocio e lecer dos e das adolescentes. A carga do traballo de casa será maior canto máis avanzado sexa o curso. Desde a materia de música poderase pedir que realicen breves actividades en casa de catro tipos:

- Preparar unha actividade para presentar na aula como unha presentación, un debate, conversa ou análise comparada (lectura de textos, visualización de vídeos ou audicións de música, etc.).
- Actividades e exercicios de reforzo cando sexa preciso.
- Lecturas de libros suxeridos polo profesorado que teñan relación co traballo na aula.
- Realizar actividades que favorezan a conexión do traballo na aula coa vida cotiá e o entorno directo do alumnado (entrevistas a familiares e amigos, análise de medios de comunicación, observación de paisaxes sonoras da contorna, etc.).

Espazos: O desenvolvemento habitual das sesións de música serán na aula de música do instituto, agás que por necesidades específicas para o desenvolvemento dalgunha tarefa se precise facer uso doutro espazo, coma por exemplo a biblioteca ou o ximnasio. Dentro da aula hai un espazo para desenvolver o proxecto de radio escolar dotado cunha cabina de gravación e ordenador, mesa de mesturas e microfóna. Os traballos de radio emitíranse por todo o centro mediante o sistema de amplificación do que está dotado.

Contribución ao itinerario lector

Desde o departamento de música contribúese ao itinerario lector do centro coa suxestión de unha lectura específica

para cada curso. O alumnado que, de xeito voluntario, decida ler o libro suxerido poderá demostrar a lectura nunha entrevista co profesor quen, mediante unha rúbrica específica, determinará a cualificación que será tida en conta na media de tarefas do trimestre. O volume para 3º de ESO é o seguinte:

Lecturas complementarias de tipo literario:
 Moure, Gonzalo. El síndrome de Mozart. ed. SM (2º ESO)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos musicais detallados a continuación: 2 pianos eléctricos de tecla contrapesada, 1 guitarra eléctrica e amplificador, 1 baixo eléctrico e amplificador, 1 guitarra acústica, 1 guitarra clásica, Instrumentos de percusión de láminas (Instrumental Orff) variado, Instrumentos de percusión variado (Claves, maracas, pandeiretas, pandeiros, etc), 10 teclados electrónicos pequenos de 24 teclas, 1 batería eléctrica/midi.
Equipo informático conectado a un proxector e monitores de tipo "near field".
Cabina de radio dotada con mesa de mesturas, ordenador e microfonía.
Equipo de amplificación con mesa de son, microfonía con soportes e altosfalantes activos PA con soporte.
Biblioteca de aula con volumes de consulta específicos e libros de texto xerais.

Os alumnos e alumnas NON usan libro de texto. O material é facilitado polo profesor en forma de fotocopias ou en formato dixital. Pediráselle ao alumnado que empregue un cartafol onde irá acumulando o material en papel que lle facilite o profesor así como os apuntamentos que sexan precisos tomar na aula. O alumnado de todos os niveis dispón, ademais, de dispositivos EDIXGAL que empregará tanto na aula como na casa. Favorecerase que o alumnado que estuda música fóra do instituto, traia á aula o seu propio instrumento e o empregue de xeito habitual. Tamén se poderá requirir que traian unha fruta doce, un ukelele ou unha melódica facéndose responsables do coidado e mantemento da mesma.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Data prevista de realización: Na primeira semana de outubro.

Realizaranse tres tipos de actividades rexistradas nunha táboa de observación:

- 1) Un exercicio de lectura e entoación dunha partitura sinxela en clave de sol.
- 2) Un exercicio de audición comentada.
- 3) Un exercicio de danza grupal.

Segundo os resultados obtidos nas tres actividades, terase en conta o punto de partida no desenvolvemento da programación. De detectarse ANAE estudaríase a necesidade dun seguimento individualizado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	30	0	0	0	30	0	0	30	0	0
Táboa de indicadores	70	100	100	100	70	100	100	70	100	100

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	9
Táboa de indicadores	91

Criterios de cualificación:

O alumnado será avaliado tal e como se indica a continuación:

- As presentacións efectuadas polo alumnado na aula avaliaranse mediante unha rúbrica específica e cualificaranse catro ítems coa seguinte escala: M / R / B / E.

- As interpretacións vocais e/ou instrumentais, bailes, traballos individuais ou en grupo avaliaranse mediante rúbricas específicas para cada actividade. O resultado das actividades individuais e grupais cualificaranse en catro ítems coa seguinte escala: M / R / B / E.

- As tarefas individuais e grupais serán entregadas en formato escrito, sonoro ou audiovisual e cualificaranse, ben coa escala numérica de 0 a 10, ou ben coa seguinte escala: M / R / B / E.

O resultado da suma e media de todos os resultados cualificaranse coa escala numérica de 0 a 10.

Os diferentes tipos de instrumentos de avaliación ponderarán na cualificación conforme á seguinte porcentaxe en cada avaliación:

Instrumentos de avaliación Porcentaxe na cualificación

Práctica musical ----- 40%

Tarefas individuais e grupais ----- 40%

Presentacións orais ----- 20%

No desenvolvemento de actividades e participación en proxectos educativos, non será avaliable o feito de que un alumno/a non se comprometa a participar fora do horario lectivo. Pero si será avaliable que sexa competente para facer ditas actividades na aula, aínda que logo non participe nas actividades que se propoñan fora de horario lectivo.

Respecto ao redondeo das notas, de maneira xeral, cando as medias estean igual o maior que 0,50 redondearase cara arriba. En cambio, para acadar o aprobado nunha avaliación parcial ou final o resultado da media deberá ser un 5 exacto. por exemplo 6,5 de media de avaliación será un 7, pero un 4,5 será un 4.

As interpretacións, audicións, tarefas e presentacións serán avaliadas segundo os criterios presentados aos discentes previamente nas correspondentes rúbricas.

A cualificación final calcularase facendo a media dos instrumentos de avaliación empregados ao longo de todo o curso e coincidirá coa terceira avaliación parcial.

Criterios de recuperación:

Mecanismos para recuperar unha avaliación non superada

Para a práctica musical establecerase o criterio de avaliación progresiva no que o resultado negativo dunha avaliación pode ser mellorado na seguinte sen necesidade de recuperacións. Os traballos individuais ou grupais non presentados ou presentados con cualificación negativa poderán ser entregados no inicio do seguinte trimestre a modo de recuperación. Se, mesmo así, non acada a media de 5 coa totalidade dos instrumentos de avaliación, deberá someterse ao seguinte plan de recuperación, que se realizará nas últimas semanas do curso.

O plan de recuperación consiste en tres partes:

1. A entrega de tarefas non entregadas no seu momento ou con cualificación negativa, e que suporá o 40% da cualificación.
2. Un 20% da nota consistirá en contestar unha serie de preguntas tipo test respecto a audicións de fragmentos de obras das distintas épocas e estilos estudados.
3. O 40% restante obterase mediante a interpretación instrumental dunha das pezas traballadas ao longo do curso.

A maiores, o alumnado poderá realizar tarefas complementarias nas actividades complementarias organizadas polo centro (festivais, etc.) así como nos proxectos de centro como a Radio escolar, tanto a modo de recuperación como para mellorar a súa cualificación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Neste curso académico hai 4 alumnos de 4º de ESO coa materia pendente de 3º de ESO. Trátase nos catro casos de alumnos de PDC. Tendo só unha delas a materia optativa en 4º polo que o seguimento do plan de recuperación farase coa colaboración da titora. O alumnado deberá entregar un boletín de actividades que será recollido e corrixido cada trimestre. De obter unha cualificación positiva, o alumnado terá a materia superada no terceiro trimestre. De non ser así, deberá presentarse a unha proba no mes de maio na que se avalíen os mínimos de avaliación do nivel de 3º de ESO. Terase en conta para a avaliación da materia pendente o feito de que o alumno ou alumna, voluntariamente, participe nalgunha actividade organizada por este departamento que conleve algún contido de práctica musical.

6. Medidas de atención á diversidade

Son coñecidos os beneficios da aprendizaxe cooperativa para a atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe. Dinámicas específicas deberían preparar ao grupo clase para afrontar estes casos e ter recursos que favorezan a inclusión de todos os membros nun equipo de traballo. Mesmo así, ás veces, no caso de que esa inclusión non se produza, un alumno ou alumna en concreto pode ser retirado do grupo debendo continuar o traballo de xeito individual cun seguimento máis próximo do profesor.

As necesidades detectadas nun alumno ou alumna, na avaliación inicial ou en calquera outro momento do curso académico, deberán ser tidas en conta para deseñar os reforzos necesarios atendendo a cada caso particular. Estes reforzos poden consistir en:

- Cambio de colocación na aula.
- Entrega de material específico cunha linguaxe adaptada (por exemplo, enunciados breves en tarefas escritas para casos de dislexia ou TDAH).
- Respecto a tempos de realización de tarefas ou de descanso.
- Apoio dentro ou fóra da aula.
- Calquera outra medida aconsellada polo Departamento de Orientación ou o equipo directivo.
- Tamén se valorará a necesidade dunha adaptación curricular se fose necesario e as medidas anteriormente descritas se consideren insuficientes.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación emocional e valores		X		X				

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.2 - Comunicación audiovisual e TIC		X				X		
ET.3 - Expresión oral e escrita	X	X			X	X		X
ET.4 - Fomento da creatividade e espírito científico		X				X		

	UD 9	UD 10
ET.1 - Educación emocional e valores	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual e TIC	X	
ET.3 - Expresión oral e escrita	X	
ET.4 - Fomento da creatividade e espírito científico	X	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Radio Labirinto	Alén dun proxecto educativo transversal integrado na programación de todos os niveis da ESO a través da materia de música e, puntualmente, tamén noutras materias como Lingua galega, Xeografía e Historia ou TICs, a radio escolar funcionará como un elemento fundamental na promoción e divulgación das diferentes actividades do centro. Estará conectado co EDLG, onde existirá unha comisión de radio e coa Biblioteca, no caso de ser concedido o programa 'Radio na Biblio'. O equipo de radio xestionará os avisos sonoros para os cambios de clase con seleccións musicais acordes coas actividades ou temáticas que se estean a realizar no centro. Este equipo estará conformado polo alumnado de 4º coa optativa de música, alumnado do EDLG da comisión de radio e o profesorado voluntario, dirixido polo profesor de música.			
Concurso de música en galego	En colaboración co EDLG e co Departamento de Lingua Galega e Literatura, organizarase un concurso de música en galego onde o alumnado poderá votar entre unha selección de música emitida a través da radio escolar durante os períodos de lecer.			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Música no lecer	De xeito complementario á actividade docente, o departamento de música considera importante que o alumnado que o desexe, teña á súa disposición a aula de música durante os períodos de lecer para ensaiar e preparar pezas musicais ou de danza. Tamén contarán co asesoramento e axuda necesaria do profesor de música que terá asignadas dúas sesións de garda no período de lecer. Co obxectivo de organizar os ensaios e garantir a responsabilidade do alumnado, levarase un control das persoas que utilicen a aula con este fin e farase un seguimento dos ensaios e o resultado dos mesmos.			
25 de Novembro	Participación na campaña Cangas en Negro para visibilizar a oposición da mocidade á violencia contra as mulleres.			
Musiqueando	Actividade programada pola COAEM e que consiste nun concerto organizado e protagonizado polo alumnado de música de ensino secundario. O espazo do concerto será unha praza ou rúa pública xa que o obxectivo é visibilizar o traballo nas aulas de música do alumnado de secundaria.			
Concerto fin de curso	Importante evento que serve de mostra do traballo creativo realizado ao longo de todo o curso. Organizado por este departamento pero aberto a contribucións de outros. Poderase realizar no final do segundo trimestre se o alumnado de 4º ten interese en empregalo para recaudar diñeiro para a excursión.			
Convivencias musicais	Esta actividade consiste en convivencias con outros centros ou organismos como ASPAMSIM ou o IES María Soliño nas que poder intercambiar experiencias musicais. O formato desta colaboración deseñase ao longo do curso para concretalo no terceiro trimestre.			
Visita á Cadena SER	O alumnado que participa na radio escolar, así como o que cursa a materia optativa de música en 4º de ESO, poderá participar nunha visita á emisora da Cadena SER en Vigo.			
Concerto didáctico de órgano en Celanova (Ourense). Xunto co departamento de lingua galega.	Para o alumnado de 3º de ESO. Terá lugar no terceiro trimestre.			
Asistencia a concertos didácticos programados desde diferentes institucións.	Dependendo das posibilidades e a oferta existente, poderase programar a asistencia a concertos didácticos ou mesmo a celebración de concertos no centro educativo.			
Taller de canto e técnica vocal.	Para o alumnado que o desexe, este departamento programará un taller de canto e técnica vocal.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
Consegiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
Consegiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado.
Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
Faise unha avaliación adaptada ás necesidades do alumnado con NEAE.
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
Combínase o traballo individual e en equipo.
Poténcianse estratexias de animación á lectura.
Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe.
Préstase atención aos elementos transversais
Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.
Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.

As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos criterios de avaliación

Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

Descrición:

Os indicadores arriba descritos (en primeiro lugar do proceso de ensino e, en segundo lugar, da práctica docente) avalíanse conforme a unha táboa cunha escala do 1 ao 4.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Esta programación didáctica revisarase alomenos unha vez ao mes en reunión de departamento tomando rexistro en acta dos seguintes aspectos:

1. Contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista.
2. Medidas que se adoptarán como resultado da revisión.

Unha vez rematado o curso, avaliarase a programación conforme á seguinte táboa:

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach.].
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
15. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
16. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach].
19. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados